

ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE COVAS DO DÍA 3 DE MAIO DE 2016

No local da Asociación de Veciños de Covas, situado en Aldea s/n , Covas, Ferrol, sendo as 19:10 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de Covas cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	21	Nº de homes:	10
		Nº de mulleres:	11

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación da a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Olalla López Barro da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de Covas tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título individual	José Juan Paz Saavedra
En representación de entidades	Manuel Sendón López (AVV Santa Comba de Covas)

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
José Juan Paz Saavedra
Manuel Sendón López

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a

vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de Covas e que a modo de resumo son os seguintes:

- Falta de información sobre a rede de saneamento e queixas sobre o elevado custe do vaciado das fosas sépticas.
- Aparcadoiro no cemiterio.
- Recuperación das fontes e lavadoiros.
- Camiño á praia de Ponzos.
- Marquesina xunto á farmacia.
- Limpeza da maleza nos camiños. Desbroces.
- Limpeza de cunetas.
- Problemas de saneamento na Pedreira (augas fecais).
- Solución na Pedreira. Abrir cunetas, cando chove inundase.
- Continuación das beirarrúas.
- Potenciar o atractivo turístico de Covas todo o ano e non só no verán.
- Asfaltado de pistas.
- Rehabilitación do edificio do antigo colexio Tomás Serantes.
- Alumeado público.
- Modificación do PXOM.
- Rehabilitación do antigo campamento militar.
- Actividade cultural descentralizada.
- Mellora do transporte urbano.
- Estudio para a implantación dun comedor social na zona rural.

O presidente da AVV Santa Comba de Covas, Manuel Sendón, toma a palabra e amosa un documento no que se recollen moitas das peticións anteriores que xa se formularon ao Concello por escrito a través do Rexistro Xeral pero que non obtiveron resposta na maioría dos casos.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20.55 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro